

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 7 DE MAIO DE 2020.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 10 horas e tres minutos do día sete de maio de 2020 reúnese en sesión extraordinaria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

Alcalde.- Bo día a todas e todos, imos dar comenzo a sesión extraordinaria do pleno do concello de 7 de maio de 2020. Lle cedo a palabra á concelleira de Facenda, dona Mariluz Expósito Pérez.

1. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2/2020. O secretario lee a a proposta de acordo:

Con data 30 de abril de 2020, o Alcalde formulou a memoria explicativa da proposta de expediente de modificación orzamentaria nº 22020, de baixas por anulación de créditos, suplemento de créditos e créditos do Concello de Ribadavia para o exercicio 2020.

Con esa mesma data, o expediente foi obxecto do preceptivo informe da Intervención co teor que consta no expediente.

En síntese, o importe dos suplementos de créditos e créditos extraordinarios é de 103.000 €, financiándose mediante recursos procedentes de baixas por anulación de créditos do orzamento do 2020 previstas no propio expediente.

A finalidade do expediente é a dotación dos créditos orzamentarios necesarios para o financiamento de gastos que carecen a necesaria cobertura orzamentaria ao día de hoxe e que non poden demorarse ata o exercicio 2021, entre os que destacan unha serie de gastos destinados á implementación de medidas extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da pandemia do COVID - 19 no Concello de Ribadavia.

Precisamente o carácter extraordinario destas medidas, así como a excepcional situación producida pola pandemia, motivan que se teña recorrido, en parte, para o financiamento da modificación, á baixa por anulación de créditos dos orzamentos, nun esforzo de priorización de recursos no contexto da crise.

A aprobación da modificación corresponde ao Pleno da Corporación, estimándose que a urxencia do procedemento no momento actual, unida á dificultade de realización de

reunións presenciais durante o estado de alarma, xustifica o sometemento directo da proposta ao acordo plenario, sen o previo ditame da comisión informativa, ao abeiro do disposto no artigo 82.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Polo exposto, proponse que, o Pleno adopte o seguinte acordo:

1º) Aprobado inicialmente o expediente de modificación orzamentaria n.º 2/2020, de baixas por anulación de créditos, suplemento de créditos e créditos orzamentarios dos orzamentos do Concello de Ribadaíva para o exercicio 2020, por importe de 103.000 euros co teor que consta no expediente.

2º) Someter o presente acordo a información pública, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días hábiles. Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións, nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. As reclamacións, no seu caso, serán resoltas expresamente polo Pleno no prazo máximo dun mes. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o prazo de información pública non se presentasen reclamacións.

3) Declarar non aplicable a suspensión de prazos a presente modificación orzamentaria ao estar vinculada co estado de alarma e ser de interese xeral, consonte ao previsto no número 4 da Disposición Adicional Terceira do R.D. 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

D^a Mariluz Expósito Pérez, concelleira de Facenda. Bo día a todos e todas. Moi brevemente, se trata de mobilizar 100.000 euros, fundamentalmente tirando de partidas de persoal, para poder adicalos de forma rápida a axudas a autónomos e pemes. Este tema se tratou en dúas xuntas de portavoces.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Bo día , me alegro de veros a todos en persoa, é un primer paso cara a esa nova normalidade. A aprobación onte no congreso da prórroga do estado de alarma me pareceu moi positiva. O representante do BNG no Congreso se abstuvo para non obstaculizar. Houbo reunións da xunta de portavoces, no fondo o que pedimos os grupos da oposición está na mesma liña. Moita xente vai a quedar nunha situación incerta, hai moitos autónomos cunha suspensión total da actividade, outros cunha gran redución de ingresos, moitos Ertes.

O noso grupo apoia as axudas a autónomos e pemes, pero hai que ter en conta outras realidades. Hai moito paro, moitas familias en risco de pobreza. Que se contemple un plan específico para outros colectivos. Se falou de actividades que non se van a realizar, sen concretar, se podía dispoñer de eses cartos. Se podían facer desgravacións nas taxas e nos impostos á xente cos negocios pechados. Aumentar o espazo de ocupación das terrazas, e se fose preciso que se modifiquen as ordenanzas. Nas bases da subvención propoñemos unha redución do máximo de renda e tamén reducir o umbral de descenso na actividade ao 50%. Propusimos un Plan de Emprego. É necesario que cheguen cartos de outras administracións para a reactivación económica do concello. Todas as Deputacións de Galicia nas subvencións ten plans únicos con criterios de reparto obxectivos e xustos, menos a Deputación de Ourense.

A Deputación de Ourense aporta 150.000 euros para noventa e un concellos, pouco máis de mil euros por concello, é case ridículo. Como con Teruel, a Baltar hai que decirlle que Ribadavia existe. A concellos como Rios ou A Porqueira se lle dan 150.000 euros. Non imos a votar en contra, pero tendo presente que hai moitas cousas por facer. Dos 436

autónomos que hai en Ribadavia, se sabe cántos se poderían acoller á subvención. Fago unha demanda para as persoas que viven soas ou en risco de exclusión, e que se preste atención aos escolares.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Me alegro de que onte o Congreso dos Deputados aprobara a prórroga do estado de alarma , pese a oposición da dereita e da extrema dereita. Para o PP cando non goberna todo é un caos, mesmo o que goberna non é lexítimo. A dereita española ten un ADN non democrático, a diferenza da dereita europea que é democrática e mesmo se opuso ao fascismo. Agardemos que se corrixa ese erro histórico, herdado o peor dos seus antepasados franquistas. Pablo Casado é unha persoa xoven, pero cando se lle escoita falar parece unha persoa de fai cincuenta anos.

Poderíamos facer moitas valoracións de cómo o goberno municipal solventou a crise do Covid-19, pero non é o que toca hoxe. Todo o mundo sabe que RBC presentou unha moción o 28 de abril propoñendo un plan de axudas a autónomos e pemes, e un plan social para parados e desfavorecidos, o reiteramos na xunta de portavoces do 28 de abril.

Xa dixemos que as bases nos parecen pouco ambiciosas. Os actos deportivos e festivos a previsión é que se van a cancelar. Hai unha campaña irresponsable de Núñez Feijoo de que Galicia está perfecta. Pasou un mes e pouco se fixo. Seguemos tendendo a man. Reincidimos nas nosas propostas. Hai que aumentar a partida a 180.000 euros, inicialmente falabamos de 200.000 , pero , por responsabilidade e tras consultas co interventor propoñemos 180.000. A cuestión non é a cantidade da axuda, é unha cuestión de progresividade , de xustiza, as situacións son distintas. Nos queremos dirixir aos máis necesitados. Para algúns 300 euros non chega a nada, e a outros non lles fan falta.

Hai familias cun comercio que teñen outros ingresos importantes, e para outras o comercio é o único ingreso. Que as bases sexan progresivas para atender aos máis necesitados. Non compartimos o límite de renda de 40.000 euros netos, iso non pode ser. Hai que dirxirse aos que o necesitan máis. Tería que ir tamén aos parados sen ningunha protección. A economía local está interrelacionada, se podería facer un bono para que os parados compren no goberno local. Nas bases do goberno non ven por ningún lado esa perspectiva social. Hai que reducir o prazo a quince días , e reducir a burocracia, supón máis esforzo para os técnicos municipais, como para os traballadores do asilo, de axuda no fogar e tantos outros nestas circunstancias .

Pedimos que neste mesmo pleno ou noutro se aprobe unha modificación orzamentaria para facer probas test ás traballadoras do SAF, se nos calumniou decindo que non se podían facer, o pode facer calquera particular ou institución pública. Sería indignante que os futbolistas profesionais poidan facer test e as traballadoras do SAF non.

A proposta do PSOE a nos nos pode valer, neste momento todos temos que ceder algo.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- En liña co que decía RBC, chega o momento de achegar posturas, da boa gobernanza, e as boas prácticas tamén para os grupos da oposición. Vou a explicar a xente a postura do PSOE e do goberno. Os cidadáns o ten que entender, algún pode vender o que non é certo. Unha cuestión chamativa , o grupo do PSOE se alegra da prórroga do estado de alarma, o goberno do Estado recibe insultos da dereita e de outros. Onte non se trataba de quedar no medio, había que votar sí ou non. Os cidadáns entenden que o estado de alarma é efectivo. A oposición xoga a cousas que non debían ser. Mesmo para o PP deste concello sería un problema que non se tivera prorrogado o estado de alarma. O grupo de goberno non defendeu a súa proposta, botamos en falta

que a concelleira de Facenda nos tratase de convencer da modificación orzamentaria. Non o digo como crítica.

As boas prácticas de goberno non son non contar cos grupos da oposición, neste concello somos moi importantes porque representamos á maioría da poboación. Se nos debe ter moi en conta. Os grupos da oposición non bloquean ao goberno, o goberno non dialoga, ao principio dialogaba. Se deixou de falar e de dar información.

Non é boa gobernanza, activar o Plan de emerxencia municipal , e non decir aos grupos da oposición cal é a función práctica. Se nos obviou. Poñerse un traxe de protección e ir a facer fotos cos traballadores non é a función dun alcalde, incluso incumprindo as leis estatais de confinamento. Non é unha boa gobernanza, que se repartan mascarillas polos concelleiros, para iso están os traballadores. Os grupos da oposición teñen unha lealdade fora de toda dúbida, o saben os traballadores do asilo, o rompe o alcalde un 14 de abril de nefasto recordo.

O grupo socialista presenta un documento hoxe e se recibiu unha chamada telefónica da portavoz do PP, que foi atendida. Foi a primeira mensaxe ao grupo socialista en dous meses de crise. Atendemos a chamada, lle decimos ao goberno que temos man tendida para chegar a un acordo. Non nos vale a forma de xestionar, é mellorable. Non vimos a bloquear nada. Nesta semana e na que ven podemos chegar a un documento que se aprobe. O bo facer lle corresponde ao grupo de goberno. Non decimos que todo o expediente de modificación de créditos, nin todas as bases. Hai cuestións mellorables a proporcionalidade, se poden incrementar os cartos. Sabemos de onde. Botamos en falta as axudas a parados. Na oficina do INEM de Ribadavia se produxo un incremento de parados no mes pasado , sen contar os Ertes, preocupante.

Deixamos a cuestión aberta, valorando as aportacións de todos os grupos, permeables a calquera situación dentro dun orde. O parking pode ser unha ferramenta, poñendo servizos a disposición. Unha campaña de promoción do comercio de proximidade, non son cartos, pero a longo prazo pode ser máis efectivo. Seguimos sendo unha boa oposición, estamos dispostos a facer moitas cousas. Podemos valorar positivamente algunha das accións, RBC foi o primeiro en pedir medidas de este tipo. Se chegamos a un entendemento se faría un bo traballo. A Xunta de Galicia non está facendo o seu traballo, hai 30.000 persoas en Ourense recibendo prestacións. Feijoo é o peor gobernante que hai , abandona aos concellos. Non apoiamos un documento que non está ben. Hai que sentarnos con inmediatez e melloralo coas aportacións de todos, vimos a intentar axudar aos veciños do concello. Serán responsable, no seu caso, de non querer a nosa man.

D^a Mariluz Expósito Pérez, concelleira de Facenda.- Onte tiveron case unha hora de conversación telefónica co portavoz do PSOE. Houbo dúas xuntas de portavoces. O que acabades de dicir non é incompatible coa proposta de acordo que se está debatindo. É unha primeira liña, se está traballando xa noutras liñas. Houbo moita demanda de estes colectivos, 300 euros menos de débeda é unha axuda, ogallá puidese ser moita máis, pero a capacidade económica do concello é a que é. Estamos abertos a negociar as bases, estamos totalmente abertos a reducir o límite de renda. Para percibir a axuda hai que cumprir uns requisitos. Esta medida era a máis áxil. Se traballa noutras liñas para situacións moi dispares. O papel do PSOE, chegou hoxe pola mañá, se rexistrou esta mañá e a min me o entregou o secretario esta mañá. Hai que separar as dúas cuestións e seguir traballando para chegar a toda esa xente.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O documento do PSOE me chegou

onte. Os grupos da oposición coincidimos en moitas cousas. RBC foi o primeiro en plantexar esta cuestión. As reivindicacións da oposición quedaron claras nas xuntanzas de portavoces. A oposición ten un papel importante, hai que valorar as nosas achegas. Nos asustamos á realidade, sería moi fácil pedir 300.000 euros. Temos a man tendida para chegar a acordos. Hai outras necesidades que hai que atender, hai que consensuar coa oposición. O obxectivo ten que ser que saia un documento no que a oposición estivera de acordo. Pensamos nas persoas que ten que reabrir os seus negocios. Se estima que un 7% da poboación vai a quedar no paro. O tema hai que aplazalo, se pode e se debe chegar a un acordo. É coherente o que están decindo os grupos da oposición.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Na nosa primeira intervención dixemos que vimos cunha actitude flexible, dialogante e o mantemos. Hoxe teñen que aprobarse algunha das nosas propostas, boto en falta a opinión do alcalde que non se ten pronunciado. Para os autónomos é facilísima a xustificación dos 300 euros. Hai que ver a quen se lle da a axuda, hai familias que o están pasando moi mal. Estas axudas entran en vigor en xuño, porque estamos facendo unha previsión de partidas que van ata xuño. Non bloqueamos as axudas, as melloramos. Se non se chega a acordo os grupos da oposición temos unha responsabilidade extrema. A situación é demasiado mala como para poñerse de perfil. Se o goberno non acepta o marco proposto polo PSOE, é que non hai vontade de acordo. Hai que poñer unha alternativa. Agardo que haxa flexibilidade polo goberno. Que se axude á xente que máis o necesita, non a todos por igual. Nos estamos sendo claros e xenerosos.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non vale poñerse de perfil, estamos de acordo. Nos temos feito o noso traballo neste tema. A concelleira dixo que caben cambios, se poden facer os cambios nas bases da axuda. PSOE, RBC e BNG dixeron os cambios que hai que introducir nas bases: progresividade e que se atenda a outros colectivos. RBC e PSOE dixeron que se pode tirar de outras partidas, a decisión é do alcalde. Non podemos entender como non se tira da partida da Feira do Viño, non se deben mover as datas. Se da a entender que o luns se vai a cobrar cando non é así. O portavoz do PP dixo que se está traballando en outras liñas de axuda, a ver como se lle explica aos veciños que non se fai conxuntamente. Se aforra tempo e cartos. As podemos aprobar o xoves ou venres conxuntamente. Nos parece ben axudar aos autónomos, pero vaian a oficina de emprego, hai xente que non ten ningunha prestación. Se necesita un plan de emprego, aínda que non sexa todo o ambicioso que nos gustaría. Estamos tratando de convencer ao grupo de goberno de facer o seu traballo mellor, de chegar a un acordo. É o momento de chegar a acordos. Negociamos o último orzamento co BNG, chegamos a un acordo de dez puntos e logo votou en contra. Aínda que sexa a última hora, que haxa un acordo, hai que aceptar esa man tendida. O goberno municipal non ten os votos suficientes. O PSOE podía pedir 200.000 euros máis. Que haxa un documento viable xurídica e economicamente, é bo para o concello ; Por qué non se intentou? Non é a miña responsabilidade convencer de que cheguen a acordos. Ao grupo socialista lles sería fácil explicar a situación aos veciños do concello. Non se pode decir que o PSOE bloquea cando pon enriba da mesa un pacto.

Dª Mariluz Expósito Pérez , concelleira de Facenda.- Se celebraron dúas xuntas de portavoces, onte nos presentades esto e nos acusades de rexeitamento. Na mesa temos plantexada unha modificación orzamentaria, as bases estamos dispostos a modificar entre todos. Nunca dixemos que non as propostas da oposición. Non son lineais totalmente. Se pode

rebaixar o límite de renda. Non son incompatibles as bases coas novas propostas. O da Feira do Viño expliqueino, ata agora as intervencións as fixo o alcalde porque era o admitido no grupo de watshap ,por unha simple cuestión de operatividade. Eu estou sempre a vosa enteira disposición e todos coñecedes o meu número de teléfono e me podedes chamar cando queirades.

Alcalde.- Vontade de conversar e de chegar a acordos a temos toda, é por propia convicción, porque pensamos que ese é o modo de traballar nunha administración. Na primeira reunión que se celebrou , se falou da contía, dos criterios. Hoxe o que se está votando é a modificación orzamentaria, non se están votando as bases da axuda.Houbo dúas xuntas de portavoces, se remitiu o expediente de modificación orzamentaria , cos informes favorables de secretaría e intervención; e hoxe se fala de deixar o tema enriba da mesa para chegar a un acordo.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Atendemos a chamada do PP e fixemos unha proposta.

Alcalde.- A proposta se nos entregou hoxe ás oito e media da maña, se remitiu ao correo do Interventor. Haberá un pleno ordinario o día 28, non hai problema en deixar o tema enriba da mesa. A proposta é para mobilizar os recursos que temos a capacidade de mobilizar.

Estamos totalmente dispostos a chegar a un acordo nas bases. A proposta de RBC chegou onte a unha e cincuenta e cinco minutos , e a do PSOE hoxe ás oito e media da maña. A moción de RBC falaba de pagar universalmente a cuota de autónomos, suporía un coste de un millón de euros. Eu son o primeiro interesado en ter unhas bases para poder axudar aos veciños e veciñas, aos que nos cruzamos todos os días pola rúa. Son o primeiro interesado en alcanzar o consenso, en chegar a acordos.

Pido xustiza ao falar dalgúns temas, non é certo que non informe á oposición, nin que non me quiera reunir. Vou a relatar todos os contactos dende que se decretou o estado de alarma, realicei nove videochamadas , os días 18,20,23 e 30 de marzo, 1,3,7,14 e 15 de abri.

Remití trece mensaxes informando, os días 25,27 ,29 e 31 de marzo; 2,6,8,13,17,20 , 24 e 29 de marzo, e o día 6 de maio.

Tive catro reunións presenciais : o día 26 de marzo, 22 e 28 de abril e 5 de maio.

En total de trinta e seis días hábiles, se informou en vinte e seis días, máis do setenta por cen dos días informouse puntualmente.

Estou disposto a chegar a acordos e traballar en positivo polos veciños. Estou disposto a ter vinte, cincuenta ou sesenta reunións.

Eu son concelleiro de Ribadavia dende o 2011,dende que son alcalde tiven máis xuntas de portavoces que nos oito anos en que fui concelleiro da oposición.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A situación non é para facer esas afirmacións.

Alcalde.- Sobre as axudas benefician aos colectivos de autónomos e pemes. Hai e vai a haber axudas de outras administracións, un bono da Deputación de Ourense para persoas en risco de exclusión social para comprar no comercio local. Se está tramitando en servizos sociais,pode haber trinta beneficiarios. Esperando se ten unha visión máis ampla do contexto.

O concello de Rivadavia , como administración máis próxima axuda aos veciños e veciñas. O máis responsable é a proposta dunha modificación orzamentaria de 100.000 euros e deixar a porta aberta a modificacións

orxamentarias posteriores; e non comprometer toda a capacidade de resposta do concello que se pode precisar no futuro. As partidas para eventos culturais e deportivos se non se celebran quedan liberadas.

Para a hostelería e o comercio pode ser máis útil potenciar a actividade e a presenza de xente con eventos que unha axuda con cargo a esas partidas. Este tema se ten que reflexionar. Se os cartos se adican a outra cousa xa non se podería facer , por exemplo , a Festa do Portal. Estamos totalmente dispostos a sentarnos e negociar, pero igual é unha imprudencia comprometer agora todos os recursos dos que pode dispoñer o concello.

Como temos o máximo interese en chegar a un acordo , vou a deixar a cuestión enriba da mesa, e podedes presentar propostas , se pode negociar todo o necesario , para que o día 28 de maio se pueda traer a pleno unha proposta consensuada. Deixamos o punto enriba da mesa.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA NO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO SIL Y AYUNTAMIENTO DE RIBADAVIA PARA LA FINANCIACIÓN, EJECUCIÓN Y ENTREGA DE LAS OBRAS DEL PROYECTO DE RENOVACIÓN DE CANALIZACIONES EN LA ZONA DE SAN CRISTOVO".

Visto o proxecto de " Convenio entre la Confederación Hidrográfica del Miño Sil O.A.A y el Ayuntamiento de Ribadavia para la financiación , ejecución y entrega de las obras del " Proxecto de Renovación de Canalizaciones en la zona de San Cristovo (Ourense), con rexistro de entrada no concello de 6 de marzo de 2020 , número 1270.

Considerando que na zona de San Cristovo do termo municipal de Ribadavia as conduccións de saneamento no tramo urban da estrada de Carballiño , se atopan nun estado deficiente, polo que o concello remitiu unha memoria valorada á Confederación Hidrográfica Miño Sil , xunta coa solicitude de colaboración para a execución da necesaria actuación.

Considerando que os artigos 80 da Lei de Administración Local de Galicia e 25 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local atribúen ao concello de Ribadavia competencias en materia de saneamento e protección do medio ambiente.

Considerando que a proposta de convenio cumpre todos os requisitos esixidos pola Lei de Réxime Xurídico do Sector Público e constitúe unha aportación moi positiva e importante para os intereses municipais e do nivel de servizos dos veciños e veciñas da zona de San Cristovo.

Considerando que con esta mesma data (no seu caso) resulta aprobada inicialmente a modificación orxamentaria 2/2020 para dotar a partida orxamentaria 160.61900 por un importe de 3.000 euros correspondente a aportación municipal á anualidade 2020 ao Convenio entre a Confederación Hidrográfica Miño Sil e o concello de Ribadavia para a financiación das obras do Proxecto de renovación e canalizacións na zona de San Cristovo (Ourense).

Propónse a adopción do seguinte acordo:

- Aprobar a participación do concello de Ribadavia no “ Convenio entre la Confederación Hidrográfica del Miño Sil O.A.A y el Ayuntamiento de Ribadavia para la financiación , ejecución y entrega de las obras del “ Proyecto de Renovación de Canalizaciones en la zona de San Cristovo (Ourense), con rexistro de entrada no concello de 6 de marzo de 2020 , número 1270. aprobando o mesmo.

-Manifiestar o compromiso do concello de dotar a aportación económica correspondente á anualidade de 2021 por importe de 110.000 euros no orzamento correspondente.

-Comunicar , a efectos da autorización previa do Ministerio de Facenda, que a aplicación orzamentaria con cargo a cal o concello fará a súa aportación é a 160.61900.

-Autorizar ao alcalde do concello D César Manuel Fernández Gil para o outorgamento do concello e para a suscripción de toda a documentación precisa e realización de trámites.

Alcalde.- Imos pasar ao seguinte punto, secretario lea a proposta.

Secretario.- A aprobación do convenio conleva dispoñer e efectuar a aportación de 3000 euros da anualidade de 2020, e se a modificación orzamentaria, nin sequera está aprobada inicialmente, legalmente non se pode. Na propia proposta de acordo se indica que considerando que con esta mesma data se aproba inicialmente a modificación orzamentaria necesaria.

Alcalde.- Ante o sinalado polo secretario, imos deixar o convenio enriba da mesa. É certo que o convenio supón a disposición e a aportación de 3000 euros para este ano.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Non concordo coa exposición que fixo o alcalde en relación a deixar a modificación orzamentaria enriba da mesa, é sesgada. É boa noticia que o alcalde dé un paso atrás, nos solicitamos que o pleno se faga antes do 28 de maio. Que se faga antes un pleno extraordinario. O alcalde cede, pero fai un discurso que ataca aos grupos da oposición.

Alcalde.- Nos estamos a disposición dos grupos para que haxa un texto consensuado, temos toda a vontade de chegar a acordo.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Nos aforrariamos este debate se a actitude do PP fose outra. O que modificou a actitude foi o PP. Que o PP faga algunhas afirmacións con todos os insultos que recibe o PSOE. A obriga de información do alcalde non é cos grupos políticos , o alcalde a quen informa é aos cidadáns. O anterior alcalde, cando só levaba un ano de alcalde, o PP lle cortou a comunicación telefónica. Vostede non é o máis bo do mundo. Só faltaría que non informase aos grupos.

Non estamos de todo de acordo con que non se vote o convenio. É unha obra que conquerimos nos e que nos levou moito traballo. Se poderían ter feito dous expedientes de modificación orzamentaria. É unha obra moi importante . Non sei se se podería votar e facer unha mención de que o pleno vai a aprobar despois a modificación orzamentaria.

Alcalde.-Dende o 15 de abril tivemos tres reunións presenciais, nos temos toda a vontade de chegar a un acordo.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Antes do día 28 de maio debe haber un pleno extraordinario, no que se faga unha modificación orzamentaria para facer probas test do covid ás traballadoras de axuda no fogar e a para adquirir máquinas de limpeza de ozono, para poder facer fronte a ese gasto.

E sendo ás once horas e corenta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión do que como secretario extendo a presenta acta.

ALCALDE

SECRETARIO